


# Reunión xeral 2º Primaria

## Curso 2020/2021

## Benvidas e benvidos

# Cada alumna e alumno importan

# PROTOCOLOS DE CENTRO

- **DOCUMENTOS DE CENTRO**

  **Estes tres documentos serán os referentes da nova organización escolar. Están suxeitos a posibles modificacións.**

  **Están publicados, para a súa consulta, na nosa web de centro**

- **(Facer "clic" na imaxe)**



# PROTOCOLOS DE CENTRO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

"PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021"
Versión 5 (05-09-2020)

Nota: este documento, responsabilidade do equipo COVID, deberá ser comunicado á comunidade educativa, estar incluído na PXA e remitido posteriormente á Inspección Educativa

| 1. | Datos do centro |
|---|---|

| Código | Denominación |
|---|---|
| 36017697 | CEIP ESCULTOR ACUÑA |

| Enderezo | | C.P. |
|---|---|---|
| Rúa Estrada, 10 | | 36205 |
| Localidade | Concello | Provincia |
| Vigo | Vigo | Pontevedra |
| Teléfono | Correo electrónico | |
| 886 120 115 | ceip.escultor.acunha@edu.xunta.es | |
| Páxina web | | |
| http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/ | | |

Xacobeo 2021 Páxina 1 de 33 galicia






# Benvida a todas as nosas familias

## UN CURSO NOVIDOSO E CON MOITOS RETOS

Prezadas familias:

Estamos diante dun importante reto que está a marcar novas tendencias sociais, familiares e laborais. O sistema educativo, un auténtico universo de relacións humanas está a cambiar na súa estructura organizativa e afectiva para poder seguir sendo un referente de encontros, de aprendizaxes e de superación de retos.

A Covid19 ven a probar a nosa capacidade de unir esforzos, priorizar as necesidades básicas e a demostrar a nosa forza como sociedade.

## NOVAS DINÁMICAS ESCOLARES

Dende o mes de agosto estamos a traballar para garantir unha dinámica estable e segura.

No actual contexto e nos meses seguintes o noso traballo terá como eixos de actuación:

1- A seguridade física da nosa comunidade, cumprindo cos Protocolos de centro

2- O coidado emocional dos nosos "escultores e escultoras"

3- A consolidación das aprendizaxes básicas e imprescindibles de cada nivel educativo

4- A integración nas nosas dinámicas educativas das novas formas de ensinar e aprender: aula virtual, videoconferencias, correos escolares, etc.

# Proposta Educativa 2020-2021

A tráves da seguinte presentación queremos achegarvos ás nosas propostas organizativas e didácticas para o actual curso e solicitar a máxima colaboración para acadar, entre tod@s, os obxectivos desexados. Imos aló...

# Aspectos a tratar



1. OBXECTIVOS DA PRESENTACIÓN
2. EQUIPO DOCENTE
3. DISTRIBUCIÓN HORARIA
4. HORARIO DOS GRUPOS
5. CALENDARIO ESCOLAR
6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)
7. METODOLOXÍA: ¿COMO/QUE IMOS TRABALLAR?
8. TAREFAS EXTRAESCOLARES
9. COMPETENCIAS CLAVE A TRABALLAR NA ESCOLA/CASA
10. HÁBITOS E ACTITUDES A TRABALLAR NA ESCOLA/CASA
11. COOPERACIÓN FAMILIA-ESCOLA
12. COMUNICACIÓN FAMILIA-ESCOLA
13. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
14. AVALIACIÓN: ¿QUE/COMO IMOS AVALIAR?
15. ROGOS E PREGUNTAS



# 1. Obxectivos da presentación

- Dar información sobre o desenvolvemento do curso.

- Demandar a importancia da vosa colaboración.

# 2. Equipo docente

| | | |
|---|---|---|
| TITORÍA 2º A:<br>MATEMÁTICAS, CASTELÁN, GALEGO, SOCIAIS, NATURAIS, PLÁSTICA, VALORES | MAICA CORBAL | (20 HORAS) |
| TITORÍA 2º B:<br>MATEMÁTICAS, CASTELÁN, SOCIAIS, NATURAIS, PLÁSTICA | MANUEL DÍAZ | (14 HORAS) |
| APOIO Á TITORIA DE 2º B: GALEGO, VALORES | JOSÉ ANTONIO FEAL | (6 HORAS) |
| MÚSICA | PATRICIA COMESAÑA | ( 1 HORA) |
| EDUCACIÓN FÍSICA | DIEGO ABRIL (2º A)<br>MANUEL DÍAZ (2º B) | (2 HORAS) |
| INGLÉS<br>FRANCÉS (2º B) | MÓNICA OTERO<br>ESTEFANÍA FERNÁNDEZ (2º B) | (2 HORAS) |
| RELIXIÓN CATÓLICA | JUAN SANLÉS | (2 HORAS) |
| AUDICIÓN E LINGUAXE | CRISTINA FARIÑAS (2º A)<br>MARÍA JARIO (2º B) | |
| PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA | PILAR COMESAÑA (2º A)<br>BELÉN RODRÍGUEZ(2º B) | |



MAICA 2º A

MANUEL 2º B

Titorías





JOSÉ ANTONIO

PATRICIA





DIEGO



JUAN S.



CRIS E PILI





MARÍA E BELÉN





MÓNICA / ESTEFANÍA



# 3. Distribución horaria

| ÁREAS | 2º PRIMARIA |
|---|---|
| MATEMÁTICAS | 5 |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | 4 |
| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | 4 |
| CIENCIAS SOCIAIS | 2 |
| CIENCIAS DA NATUREZA | 2 |
| LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS/FRANCÉS | 2 |
| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (MÚSICA E PLÁSTICA) | 2 |
| EDUCACIÓN FÍSICA | 2 |
| RELIXIÓN/VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | 2 |
| **TOTAIS** | **25** |

# HORARIO 2ºA CURSO 2020 - 2021

| HORARIO TITOR/A | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:15 a 09:55 | *LENGUA* | *MATEMÁTICAS* | *GALEGO* | *LENGUA* | *GALEGO* |
| 09:55 a 10:35 | *CC. NATURAIS* | *GALEGO* | *INGLÉS* | *GALEGO* | *INGLÉS* |
| 10:35 a 11:15 | | *CC. SOCIAIS* | *MATEMÁTICAS* | *CC. SOCIAIS* | *MATEMÁTICAS* |
| 11:15 a 11:45 | ***MERENDA E HORA DE LER*** | | | | |
| 11:45 a 12:15 | **RECREO** | | | | |
| 12:15 a 12:55 | *MATEMÁTICAS* | *RELIXIÓN / VALORES* | *LENGUA* | *EDUCACIÓN FÍSICA* | *MATEMÁTICAS* |
| 12:55 a 13:35 | *MÚSICA* | | | | *PLÁSTICA* |
| 13:35 a 13:50 | *Recollida, limpeza, fila ordenada e saída guiada pola titora* | | | | |

# HORARIO 2ºB CURSO 2020-2021

| SESIÓNS | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:15 a 09:55 | *CASTELÁN* | *MATEMÁTICAS* | *SOCIAIS* | *MATEMÁTICAS* | *MATEMÁTICAS* |
| 09:55 a 10:35 | *INGLÉS / FRANCÉS* | *SOCIAIS* | *NATURAIS* | | *EDUCACIÓN FÍSICA* |
| 10:35 a 11:15 | *MATEMÁTICAS* | *NATURAIS* | *GALEGO* | *CASTELÁN* | |
| 11:15 a 11:45 | *Merenda e hora de ler* | | | | |
| 11:45 a 12:15 | *Recreo* | | | | |
| 12:15 a 12:55 | *GALEGO* | *RELIXIÓN / VALORES* | *CASTELÁN* | *INGLÉS / FRANCÉS* | *PLÁSTICA* |
| 12:55 a 13:35 | | | | *GALEGO* | *MÚSICA* |
| 13:35 a 13:50 | *Recollida, limpeza, fila con distancia e saída guiada co titor* | | | | |

# Calendario escolar 2020-2021

## 2020

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **SETEMBRO** | | | | | | |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **OUTUBRO** | | | | | | |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **NOVEMBRO** | | | | | | |
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | | | | | | |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **DECEMBRO** | | | | | | |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

## 2021

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **XANEIRO** | | | | | | |
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **FEBREIRO** | | | | | | |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARZO** | | | | | | |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ABRIL** | | | | | | |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MAIO** | | | | | | |
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **XUÑO** | | | | | | |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |

# 6. Normas de Organización e Funcionamento (NOF)



# PUNTUALIDADE

## ¡¡¡NOVIDADE!!!

**HORA ENTRADA 08:50**

**HORA SAÍDA 13:50**

A PUNTUALIDADE SEMPRE É IMPORTANTE PERO ESTE ANO MÁIS QUE NUNCA DEBEMOS SER RIGUROSOS PARA PODER REALIZAR A ENTRADA DE XEITO CORRECTO E SEGURO.



# “NOVAS RUTINAS COVID”

- Entrada escalonada e ordenada por cursos, seguindo as rutas marcadas no interior do centro
- Merenda na aula con lavado de mans previo
- Desinfección de mans con xel na entrada e saída do centro e na baixada e subida do recreo.
- Máxima separación posible de mesas dentro da aula. (Mantemos a organización en equipo pero cunhas mesas no medio para gardar a distancia)



# TEMPO DE RECREO

Este curso hai dúas quendas de recreo para non coincidir todos no patio.

O alumnado de 2º de EP fai o recreo de 11:45 ata as 12:15 no patio de Infantil ó mesmo tempo que 1º de EP.

Cada grupo-clase esta nunha zona delimitada, polo que hai 4 “espazos de xogo” que irán rotando cada semana, (quedando excluída a zona dos tobogáns).

# FALTAS DE ASISTENCIA

- Chamar ao centro **886 120 115** e comunicar as faltas de asistencia na mesma mañá en que se produzan.

- Entregar xustificante á persoa titora ao incorporarse ao centro.

# SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: Transporte e comedor

Lembrar a importancia de comunicar aos vosos fill@s que deben ter unha boa conduta nos servizos complementarios e nas saídas escolares.



- O alumnado que habitualmente emprega o servizo de TRANSPORTE, se algún día NON volve á casa en autobús, debe avisar á persoa titora por escrito para evitar dúbidas no momento da saída.
- COMEDOR: consultar a situación actual coa ANPA

## SAÍDAS ESCOLARES E EXCURSIÓNS

DE MOMENTO NON TEMOS NINGUNHA SAÍDA DO CENTRO ESCOLAR PREVISTA PARA ESTE 1º TRIMESTRE PERO NON DESCARTAMOS A REALIZACIÓN DALGUNHA SAÍDA Ó LONGO DO CURSO, SEMPRE E CANDO A SITUACIÓN SANITARIA O PERMITA. OU TRAER ALGUNHA ANIMACIÓN Ó CENTRO. NESE CASO, AVISAREMOS CON ANTELACIÓN, COMO OS CURSOS ANTERIORES.



## CONMEMORACIÓNS ESCOLARES

SEGUIREMOS CELEBRANDO AS CONMEMORACIÓNS RECOLLIDAS NO CALENDARIO ESCOLAR PERO ADAPTADAS Ó CONTEXTO COVID, DE XEITO DIXITAL OU A NIVEL AULA PEDINDO A VOSA COLABORACIÓN NALGUNHAS DELAS

¡QUE NADA NOS FAGA PERDER A ILUSIÓN!

NOTA: PREGAMOS NON TRAER COMIDA PARA CELEBRAR OS ANIVERSARIOS.

GRAZAS

# DIÑEIRO DE AULA

EN 2ºA E 2ºB DE PRIMARIA, CONTAMOS CON **220,70 EUROS** DE "PRESUPOSTO DE AULA" QUE SERÁN GASTADOS DURANTE ESTE CURSO 2020-2021. ESTE DIÑEIRO CORRESPONDE Ó DIÑEIRO QUE "QUEDOU" EN INFANTIL DAS APORTACIÓNS DAS FAMILIAS MENOS O GASTADO NO MATERIAL DO PASADO ENTROIDO (TELAS DE FIELTRO PARA OS CINTURÓNS DE AROS OLÍMPICOS).

DESTINARÉMOLO A ACTIVIDADES E/OU MATERIAIS PARA O ALUMNADO.

AS FAMILIAS SEREDES INFORMADAS CANDO SEXA LIQUIDADO.

# Biblioteca do centro



- DE MOMENTO SEGUIRÁ **PECHADA** (TANTO POLAS TARDES COMO POLAS MAÑÁS)
- NAS AULAS, DISPOÑEMOS DE 3 CESTAS CON LIBROS DA BIBLIOTECA DE CENTRO PARA FACER O EMPRÉSTITO E PODER REALIZAR CONSULTAS NA AULA.
- O EMPRÉSTITO SERÁ SEMANAL (XERALMENTE OS VENRES) E SEGUIRANSE EMPREGANDO OS PASAPORTES PERSOAIS PARA ANOTAR OS LIBROS COLLIDOS.
- CADA SEMANA FAISE O EMPRÉSTITO DUNHA CAIXA E AS DEVOLUCIÓNS DEPOSITANSE NOUTRA CAIXA QUE QUEDAN SEN TOCAR ATA A SEGUINTE SEMANA.

# 7. Metodoloxía: ¿como/que imos traballar?

AULA

CASA



APRENDIZAXE COOPERATIVA

3 PROXECTOS:

- “Lecturas na casa”
- “Tarefas no fogar”
- “Exposicións orais”

# 8. Tarefas Extraescolares (Deberes)



Trátase de crear un hábito de traballo,

estudo e compromiso persoal

coas súas responsabilidades escolares.

1. Lecturas na casa. Un pouquiño cada día en voz alta.
2. Tarefas no fogar. Faranse propostas na Aula Virtual (curso 2º) para complementar o traballo da aula. Os venres levarán a carpeta coas fichas desa semana para quedar na casa e rematar as que quedaran pendentes.
3. Exposicións orais sobre algún tema a tratar nas Ciencias. Avisaremos das datas para poder preparalas con antelación.

# 9. Competencias clave a traballar na escola/casa

1. Comunicación Lingüística
2. Matemática e en Ciencia e Tecnoloxía
3. Dixital
4. Sociais e Cívicas
5. Conciencia e Expresións Culturais
6. Aprender a Aprender
7. Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor

Son traballadas dende todas as áreas.

# 10. Hábitos e actitudes a traballar na escola/casa



# 11. Cooperación familia-escola

◆ **Rutinas na casa:**

- É fundamental que lles lembredes habitualmente a finalidade de acudir á escola a esforzarse para aprender e ser mellores persoas.
- É de grande importancia que descansen e almorcen ben e traian algo saudable de merenda para o recreo.

◆ **Rutinas no cole:**

- Cada semana usaremos a Aula Virtual para tarefas de reforzo, ampliación e repaso.
- O último día da semana levarán a carpeta plástica de aula para casa para deixar os traballos e rematar o que teñan pendente.

# 12. Comunicación familia-escola



## TITORÍAS

Os martes,

de 17:00 a 18:00,

con cita previa e

de xeito telefónico

(pode aparecer como número oculto ou privado)

## AULA VIRTUAL

Co usuario e contrasinal de cada alumno podedes acceder a dous apartados:

**- 2º :**

Onde haberá materiais cos que traballaremos na aula, propostas de traballo para facer na casa, retos, enlaces de repaso, foros, etc.

**- 2º PRI "Aula na casa":** Este apartado soamente será empregado en caso de confinamento domiciliario.

## ABALAR MÓBIL

A aplicación Abalar móbil, permite a comunicación familia – escola para dar avisos de centro ou de aula, citas de titoría, mensaxería, etc.

Pregamos tela instalada para recibir ou enviar comunicacións.

# 13. O Departamento de Orientación

**FUNCIÓNS**




1. Detectar dificultades de aprendizaxe e de integración-inclusión escolar.
2. Deseñar estratexias de intervención educativa.
3. Asesorar ás crianzas e familias.
4. Xestionar as becas e as axudas.
5. Outras funcións importantes.



**Orientador: Alfredo Fornos**

*<u>Con cita Previa</u>*

# 14. Avaliación: ¿que/como imos avaliar?



# Avaliación continua

A avaliación diaria nas distintas áreas curriculares realízase a través da análise da:

- Participación activa na clase.
- Traballo nos cadernos.
- Participación nos proxectos.
- Probas escritas.
- Compromiso coas tarefas escolares complementarias.
- Cumprimento das normas.
- Respecto aos compañeiros e profesorado.

# Avaliación final

Ao **remate de cada trimestre** realízase unha valoración do desenvolvemento das súas capacidades e competencias. Será o resultado de aplicar os seguintes criterios:

- 70 % Adquisición de competencias curriculares a través de probas específicas (probas escritas, presentación de traballos, ...)
- 15 % Convivencia e Participación escolar
- 15% Coidado e responsabilidade co material e das instalacións.

# Cualificacións

**A AVALIACIÓN SERÁ EXPRESADA NOS TERMOS:**

- ***INSUFICIENTE* (IN) PARA AS CUALIFICACIÓNS NEGATIVAS,**

- ***SUFICIENTE* (SU),**
- ***BEN* (BE),**
- ***NOTABLE* (NT) OU**
- ***SOBRESALIENTE* (SB) PARA AS CUALIFICACIÓNS POSITIVAS.**

**A ESTES TERMOS ACHEGARÁSELLES UNHA CUALIFICACIÓN NUMÉRICA COAS SEGUINTES CORRESPONDENCIAS:**

| Insuficiente | Suficiente | Ben | Notable | Sobresaliente |
|---|---|---|---|---|
| 1,2,3 ou 4 | 5 | 6 | 7 ou 8 | 9 ou 10 |

**ENVIARASE UN INFORME ÁS FAMILIAS (BOLETÍN TRIMESTRAL)**

# Aula virtual

A aula virtual está organizada por cursos (2 ºPrimaria) e os traballos preséntanse semanalmente do seguinte xeito:

- Esquema de áreas e tarefas sinalando o seu obxectivo e o xeito de presentalas.
- Áreas coas actividades correspondentes.
- Cada alumno ten que aprender o seu contrasinal.

Neste momento estamos a traballar nas distintas destrezas para coñecer o seu funcionamento.

# 15. ROGOS E PREGUNTAS



**Serán xestionadas na Aula Virtual, no Foro creado para tal fin**

**Moitas grazas por ler e difundir**

***BO CURSO 2020-2021!***